

O verbo

Indicativo				Subxuntivo	
Presente		P.Pluscuamperfecto		Presente	
falo		falara	ANTEPRETÉRITO	fale	
falas		falaras		fales	
fala		falara		fale	
falamos		falaramos		falemos	
falades		falarades		faledes	
falan		falaran		falen	
Pretérito imperfecto		Futuro		Pretérito imperfecto	
falaba	COPRETÉRITO	falarei		falase	
falabas		falarás		falases	
falaba		falará		falase	
falabamos		falaremos		falásemos	
falabades		falaredes		falásedes	
falaban		falarán		falasen	
Pretérito Perfecto		Condicional		Futuro	
falei	PRETÉRITO	falaría	POSPRETÉRITO	falar	
falaches		falarías		falares	
falou		falaría		falar	
falamos		falariamos		falarmos	
falastes		falariades		falardes	
falaron		falarían		falaren	

1. Clasificación

Desde o punto
de vista
formal

Desde o punto
de vista
sintáctico

1. Clasificación

a) Desde o punto de vista formal

1. Dependendo das alternancias que se produzan na raíz nas diferentes formas

REGULAR

FALAR

FALO

FALEI

FALAREMOS

...

SEMIIRREGULAR

LEVAR

L/?/vo

L/e/vades

L/?/van

IRREGULARES

DICIR

DIGO

DIS

DICIDES

DIXERON

REGULARES

Tema de presente



Tema de pretérito

- Presente (**canto**)
- Futuro (**cantarei**)
- Copretérito (**cantaba**)
- Pospretérito (**cantaría**)
- Pres. Subxuntivo (**cante**)
- Imperativo (**canta**)
- Infinitivo conxugado (**cantar**)

- Pretérito de indicativo (**cantei**)
- Antepretérito (**cantara**)
- Pretérito de subxuntivo (**cantase**)
- Futuro de subxuntivo (**cantar**)

IRREGULARES

Tema de presente



Tema de pretérito

- Presente (**quero**)
- Futuro (**quererei**)
- Copretérito (**quería**)
- Pospretérito (**querería**)
- Pres. Subxuntivo (**queira**)
- Imperativo (**quere**)
- Infinitivo conxugado (**querer**)

- Pretérito de indicativo (**quixen**)
- Antepretérito (**quixera**)
- Pretérito de subxuntivo (**quixese**)
- Futuro de subxuntivo (**quixer**)

1. Clasificación

a) Desde o punto de vista formal

2. Ausencia dalgunha persoa gramatical na súa conxugación

DEFECTIVOS

IMPERSONAL

Só P3 sen
suxeito

Ventar

UNIPERSONAL

Só P3 e P6
con suxeito

Ornear

1. Clasificación

b) Desde o punto de vista sintáctica

TRANSITIVOS

PRECISAN UN C.D, C.I ou Suplemento

DAR

INTRANSITIVOS

NON PRECISAN COMPLEMENTO

CHEGAR

IMPERSONAIS

CARECEN DE SUXEITO

CHOVER

2. Estrutura xeral do verbo

VERBO			
Tema		Morfemas flexionais	
Raíz (R)	Vogal temática (VT)	Modo e tempo (MT)	Número e persoa (NP)
cant	a	ba	mos
lev	ø	e	n
com	e	rá	s
part	i	ø	stes

6. O participio

- A maioría dos verbos só teñen unha forma de participio

REGULAR

Ferir? FERIDO

IRREGULAR

POÑER? **POSTO**

- Algúns teñen as dúas formas

CANSAR

REGULAR

cansado

IRREGULAR

canso

- Algúns teñen as **dúas formas**

CANSAR

REGULAR

Valor verbal
cansado

Non se dan *cansado* (Verbo auxiliar da perífrase Dar + participio)

IRREGULAR

Valor adxectivo
canso

- Traballa *canso* (Complemento predicativo)
- Estou *canso* (Atributo)

coller:	collido / -a	colleito / -a
comer:	comido / -a	comesto / -a
envolver:	envolvido / -a	envolto / -a
erguer:	erguido / -a	ergueito / -a
fartar:	fartado / -a	farto / -a
imprimir:	imprimido / -a	impreso / -a
revolver:	revolvido / -a	revolto / -a

O xerundio

Valor de **simultaneidade**
(Artur contoume a noticia chorando)

Valor de **anterioridade**
(Esforzándome moito, conseguín bater o meu récord)

O xerundio

Nunca posúe valor de:

- **Posterioridade:**

- *Colón chegou a América colonizando todos os territorios que exploraba
- Colón chegou a América e colonizou todos os territorios que exploraba.

- **Consecutivo:**

- *Nesa época o ilustre escritor sufriu varios problemas de saúde, morrendo meses despois
- Nesa época o ilustre escritor sufriu varios problemas de saúde e morreu meses despois.

- **Non se pode empregar como modificador dun substantivo:**

- *O alumnado escribiu un manifesto pedindo o fin das ABAU
- O alumnado escribiu un manifesto en que se pedía o fin das ABAU.

7. O infinitivo persoal ou conxugado

- É un **infinitivo** ao que se lle engaden **desinencias de número e persoa**.

Tema verbal Radical + vogal temática Canta-	Morfema modo temporal	Morfema de número e persoa		
	-r-	☒	singular	Cantar Cantares Cantar Cantarmos Cantardes Cantaren
	-re-	-s		
	-r-	☒		
		-mos	plural	
		-des		
	-re-	-n		

- Ten unha **forma idéntica** á do futuro de subxuntivo

Futuro de subxuntivo

bat-e-r-ø

bat-e-re-s

bat-e-r-ø

bat-e-r-mos

bat-e-r-des

bat-e-re-n

Infinitivo conxugado

bat-e-r-ø

bat-e-re-s

bat-e-r-ø

bat-e-r-mos

bat-e-r-des

bat-e-re-n

Cando **bateres** a porta, lémbtrate de pechala con chave

Ao batermos a porta, decatámonos de que deixáramos as chaves dentro

- Ten unha **forma idéntica** á do futuro de subxuntivo

VERBOS IRREGULARES!!

Futuro de subxuntivo

for
fores
for
formos
fordes
foren

Infinitivo conxugado

ir
ires
ir
irmos
irdes
iren

Uso obrigatorio infinitivo conx.

1. Cando o infinitivo ten un **suxeito diferente** ao do verbo principal

A) Suxeito do infinitivo **expreso**

*Xan marchou por **ti chegares** tarde*

O suxeito do vbo. principal é Xan, mentres que o do infinitivo **chegar** é **ti**, de aí que haxa que conxugar ese infinitivo.

A) Suxeito do infinitivo **non expreso**

*Xan marchou por **chegares** tarde*

↓
SUX.

↓
Suxeito "ti"

Uso obrigatorio do infinitivo conx.

2. Cando o infinitivo ten un **suxeito IGUAL** ao do verbo principal

A) pero o infinitivo vai antes deste, introducido por preposición

*Ao **saírmos**, sempre **apagamos** as luces*

Nós é o suxeito de “**saír**” e o suxeito de “**apagamos**”

O infinitivo vai precedido dunha preposición (**A** [prep.] + o [artigo])

Uso obrigatorio do infinitivo conx


2. Cando o infinitivo ten un **suxeito IGUAL** ao do verbo principal

B) pero hai moita distancia entre o verbo principal e o infinitivo

*Xoán e Sara **calan**, poida que medio convencidos, para un tempo máis tarde se **reafirmaren** no seu.*

Verbo principal

infinitivo



Existe distancia considerable entre eles

The diagram consists of a large green double-headed arrow pointing left and right, spanning the space between the labels 'Verbo principal' and 'infinitivo'. Below this arrow is a green rectangular box containing the text 'Existe distancia considerable entre eles'. Two orange arrows point from the text in the example sentence above to the labels: one from 'calan' to 'Verbo principal' and another from 'reafirmaren' to 'infinitivo'.

Uso obrigatorio do infinitivo NON conx.

1. Cando o infinitivo ten carácter **impersoal**

***Cantar** alegre o día*

Ten valor impersoal porque non se refire a ningún suxeito

Uso obrigatorio do infinitivo NON conx.

2. Cando ten valor imperativo.

A calar!

Uso obrigatorio do infinitivo NON conx.

3. Verbos auxiliados de perífrases verbais

*Tes que **marchar** á escola*

Ter + que + infinitivo é unha perífrase modal de
obligación

Uso obrigatorio do infinitivo NON conx.

4. Cando o infinitivo depende de verbos....

a) **Modais** (*poder, querer, deber...*)

*Podedes **traer** a equipaxe?*

b) **Causativos** (*deixar, permitir, prohibir...*)

*Déixalles **chegar** máis tarde.*

c) **De sentido** (*ver, oír, escoitar, sentir...*)

*Sentiuvos **marchar** cedo.*

Uso obrigatorio do infinitivo NON conx.

5. Cando o infinitivo é Complemento Directo (CD) do verbo principal

Esperamos **verte**

CD

Uso obrigatorio do infinitivo NON conx.

6. Cando vai con verbo de movemento en construción final

*Viñeron para **arranxar** a antena*

Complemento circunstancial de finalidade

En que tipo de oracións aparece

Oracións subordinadas

Saudeinos **ao** *chegaren*

Subordinada
temporal



Saudeinos **cando** *chegaron*

Subordinada
temporal

- *Se contamos contigo xa seremos sete.*
De contarmos contigo xa seremos sete.
- *Cando saíron á rúa o ruído multiplicouse.*
Ao saíren á rúa o ruído multiplicouse.

- **Con que marches da casa cinco minutos antes
solucionarás o problema....**

Con marchares da casa cinco minutos

- *Non é razoábel* ***que te poñas agora tan esixente.***
Poñéreste agora tan esixente non é razoábel.
- *Non me parece mal* ***que cambien de opinión.***
Non me parece mal cambiaren de opinión

- Non lles parecía xusta a posición de que non permitisen entrar máis inmigrantes

Non lles parecía xusta a posición de non **permitiren** entrar máis inmigrantes

- Non tiveron que insistirnos moito para que aceptásemos participar no campionato

Non tiveron que insistirnos moito para **aceptarmos** participar no campionato

- Cando nacemos comeza a nosa carreira cara á morte

Ao **nacemos** comeza a nosa carreira cara á morte

- Se queredes conseguir éxito no traballo é preciso que sexades constantes

Se queredes conseguir éxito no traballo é preciso **serdes** constantes

- Os rapaces e as rapazas, sen **deixar** de **bulir** apeáronse na seguinte estación
- Os rapaces e as rapazas, sen **deixaren** de bulir apeáronse na seguinte estación



Non se pode conxugar xa que é o **verbo auxiliado** dunha **perífrase** (deixar de; perífrase aspectual perfectiva)

- Tedes que **recoñecer** que estabades confundidos



Non se pode conxugar xa que é o verbo auxiliado dunha perífrase (*ter que*; perífrase modal)

- Era un son forte e molesto que non lles deixaba **concentrase** para o traballo



Non se pode conxugar xa que depende dun verbo
causativo (deixar)

- Estamos aquí agardando, sen **fac**er nada e sen poder **march**ar do sitio.

Estabamos aquí agardando, sen **facermos** nada e sen **podermos march**ar do sitio



Non se pode conxugar xa que depende dun verbo modal
(*poder*)

- A última vez que o vin foi na cea que organizaramos para **despedirnos** dela

A última vez que o vin foi na cea que organizaramos para **despedírmomos** dela

- Ao **saír** do traballo pasade pola casa e falamos con calma

Ao **saírdes** do traballo pasade pola casa e falamos con calma.

- Esa non é maneira de **responder** cando che falan!

Esa non é maneira de **responderes** cando che falan

- Naquel tempo comezaban a **andar** xuntos e aínda non tiveran tempo de coñecerse dabondo.

- Naquel tempo comezaban a **andar** xuntos e aínda non tiveran tempo de **coñecérense** dabondo.



Non se pode conxugar xa que é o verbo auxiliado dunha perífrase
(*comezar a + infinitivo*; perífrase aspectual incoativa)

8. As perífrases verbais

Unidade
singnificativa

SIGNIFICADO
CONXUNTO

Unidade
funcional

UN ÚNICO
PREDICADO

Verbo auxiliar	Elemento de relación	Verbo auxiliado
Forma persoal Perde o significado léxico	Prep: a, de, en, para, por Conx: que	Infinitivo/ Xerundio/ Participio Mantén o significado léxico
<i>Teño</i>	<i>que</i>	<i>marchar</i>
<i>Vou</i>		<i>marchar</i>

PERÍFRASES TEMPORAIS

Futuridade /
Inminencia

Ir + inf.

Haber (de) + inf.

Estar a/para + inf.

Querer + inf.

PERÍFRASES MODAIS

Obrigatoriedade
/ Hipótese ou
probabilidade

Haber (de/que) + inf.

Ter que/de + inf.

Deber (de) + inf.

Poder + inf.

PERÍFRASES ASPECTUAIS

Imperfectivas
(acción no seu
desenvolvemento)

Estar + *xer.*

Estar a + *inf.*

Andar + *xer.*

Andar a + *inf.*

Levar + *xer.*

Seguir + *xer.*

Seguir a + *inf.*

Ser a + *inf.*

Ir + *xer.*

Vir + *xer.*

Perfectivas (proceso rematado)	Acabar de + <i>inf.</i>
	Vir de + <i>inf.</i>
	Deixar(se) de + <i>inf.</i>
	Dar + <i>part.</i>
	Levar + <i>part.</i>
	Ter + <i>part.</i>
Incoativas (acción no inicio do proceso)	Ir + <i>part.</i>
	Comezar a + <i>inf.</i>
	Botar(se) a + <i>inf.</i>
	Poñer/pór(se) a + <i>inf.</i>
	Dar en + <i>inf.</i>
	Romper a + <i>inf.</i>
	Soltarse a + <i>inf.</i>

Terminativas (acción no final do proceso)	Chegar a + <i>inf.</i>
	Vir (a) + <i>inf.</i>
	Acabar por + <i>inf.</i>
Reiterativas (acción que se repite)	Ter + <i>part.</i>
	Volver + <i>inf.</i>

EXERCICIO 3. Sinala as perífrases e indica de que tipo son.

- Deu en comentar o que vía desde a fiestra porque xa levaban calados media tarde.
- Os cartos non daban chegado a fin de mes e houbo que esquecerse dalgúns antollos.
- Pódela espertar que xa levará durmido unhas oito horas.
- Todos eran a pedirlle contas pola última falcatruada das moitas que levaba feito.

- Deu en comentar o que vía desde a fiestra porque xa levaban calados media tarde.

Dar en + infinitivo

Aspectual incoativa

Levar + participio

Aspectual perfectiva

- Os cartos non **daban chegado** a fin de mes e **houbo que esquecerse** dalgúns antollos.

Dar + participio

Aspectual perfectiva

Haber que + infinitivo

Modal obrigatoriedade

- Pódela espertar que xa **levará durmido** unhas oito horas.

Levar + participio

Aspectual perfectiva

- Todos **eran a pedirlle** contas pola última falcatruada das moitas que **levaba feito**.

Ser a + infinitivo

Aspectual imperfectiva

Levar + participio

Aspectual perfectiva

EXERCICIO 4. Substitúe os verbos por perífrases

- Mañá xogaremos o partido máis importante da tempada e, se hai sorte, celebraremos a vitoria.
- Por fin chamárona para o traballo.
- Dentro dun pouquiño comezará a reunión, aínda que non consigan chegar todos os convocados.
- Xa che escoitei esa desculpa outras veces e non me convence de todo.
- Estás obrigada a ler este libro, aínda que leses outros similares.
- Pouco faltará para que dean as dúas e despois ninguén está obrigado a agardar máis.
- Pouco a pouco a néboa cubriuno todo e era difícil ver o camiño.
- Xa lle pedín varias veces que prestase atención e non insistirei máis no tema.

Mañá o partido máis importante da tempada e, se
hai sorte, a vitoria

Imos xogar/ habemos (de) xogar

Imos celebrar/ habemos (de) celebrar

Por fin **chamárona** para o traballo

Dérona chamado

Dentro dun pouquiño **comezará** a reunión, aínda que non
consigan chegar todos os convocados.

Vai comezar/ ha de comezar

Dean chegado

Xa che escoitei esa desculpa outras veces e non me
convence de todo

Teño escoitado

Dá convencido

Estás obligada a ler este libro, aínda que leses outros similares

Tes que ler/ Has de ler

Teñas lido

Pouco **faltará** para que dean as dúas e despois ninguén
está obrigado a **agardar** máis

Ha de faltar/ debe de faltar

Ten que/ ha de agardar

Pouco a pouco a néboa cubriuno todo e era difícil ver o camiño

Acabouno por cubrir todo

Xa lle pedín varias veces que prestase atención e non
insistirei máis no tema

Teño pedido/ Levo pedido

Vou insistir/ Hei de insistir